



JUAN MARQUINA FUENTES, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, adoptou, o **11 de outubro de 2018**, o seguinte acordo:

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS 2018 (2º PERÍODO)

No Pazo Provincial da Deputación de Ourense, o día 24 de setembro de 2018, reuniuse a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2018-2º período (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 37, do 15 de febreiro de 2018). Na dita sesión formulouse proposta provisional do concurso.

Posteriormente someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación e coa base sétima da convocatoria.

Durante o prazo concedido non se presentou ningunha alegación polo que, de acordo co disposto na base sétima das que regulan a convocatoria, a proposta provisional considérase definitiva.

Baseándose no anteriormente exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Non admitir a trámite, as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

a) Por presentar as solicitudes fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria:

1	Galaica Eventos do Motor	G32475964	20ª Subida a Castro de Beiro
2	C.D.C Santa Teresita	G32227043	Previa III Torneo Alevín Fútbol 7 e fase final



- b) Por non tratarse dunha entidade deportiva ou outra entidade sen ánimo de lucro, que contemple nos seus estatutos, como **obxecto social, entre outros, a promoción e difusión do deporte na nosa provincia:**

1	CMUMC San Mamede e Medo	V32149049	Primeira Andaina Arnuide - O Caudillo
---	-------------------------	-----------	---------------------------------------

2º) **Excluír da valoración**, as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE SOLICITADA	MOTIVO EXCLUSIÓN OU NON VALORACIÓN
Federación Galega de Atletismo	<ul style="list-style-type: none">- Campionatos galegos e nacionais de pista cuberta- Campionato de España Sub-20 Pista Cuberta	. Contan xa con subvención nominativa nos orzamentos de 2018 da Deputación para a mesma finalidade, toda vez que as solicitudes presentadas posúen defectos non emendables.
Club Triatlón Carballiño Gimnasio Olimpia	<ul style="list-style-type: none">- Campionato Galego de Triatlón de Menores de Cenlle- Campus de Triatlón Terras do Carballiño	. Non se celebrou - Excluída por tratarse dun campus (Base 1ª-3-d)
Club Asaltamontes	<ul style="list-style-type: none">- I Asaltamontes Trail	No orzamento presentado presentan ingresos que xa cobren o 100% dos gastos presentados.*

*Segundo o artigo 19.3 da Lei xeral de subvencións “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada”. Neste suposto concreto, o solicitante manifesta uns ingresos que, sen ter en conta a contía solicitada a esta Deputación, xa cobren o 100% do custo da actividade para realizar.

3º) **Realizar proposta de concesión**, conforme á valoración efectuada, das subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

ENTIDADE SOLICITANTE	CIF	ACTIVIDADE	PROPOSTA SUBVENCIÓN
Federación Galega de	V36650133	Torneo Provincial de Ourense	532,61 €



Bolos			
Club Voley Playa Milenio Ourense	G32482572	I Máster Internacional Volei Praia Diputación Ourense	634,61 €
Club Voley Playa Milenio Ourense	G32482572	Circuito Oira Praia Ourense 2018	1.759,80 €
S.D.C Arrabalado	G32278541	X Torneo Manolo Arnoia	1.719,90 €
Asociación Basket Ourense	G32215733	V Abo Day	651,61 €
Agrupación Deportivo Natural	G32181281	XXII Concurso Pesca Ribeiro- Infantil Xuvenil Jesús Martínez	544,00 €
Pulpo Extreme	G32475121	Pulpo Extreme (Scooter/Skate Line e BMX)	5.000,00 €
Asociación Xuvenil Amencer	G32025405	V Andaina Solidaria Campamento Urbano	220,00 €
Centro Deportivo Couto	G32269573	Open Internacional de Taekwondo de Ourense	2.819,70 €
Club Ximnasia Escola Pavillón	G32346751	XII Torneo Nadal de Ximnasia	1.729,80 €
Club Deportivo Tres Lunas Quereño	G32474538	Gran Fondo Peña Trevinca 2018	595,00 €
Club Deportivo Tres Lunas Quereño	G32474538	Tres Lunas Gran Trail 2018	544,00 €
Club Deportivo Tres Lunas Quereño	G32474538	Tres Lunas Race 2018	1.500,00 €
Club Deportivo Arenteiro	V32027757	II Torneo Festa do Pulpo	646,00 €
		TOTAL..... SUMA	18.897,03 €

E para que conste, e nos termos do artigo 206 do vixente ROF, expido esta certificación en Ourense, o once de outubro de dous mil dezaioito.

V. e pr.

O PRESIDENTE,